



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE RECOÑECEN AS ACTIVIDADES FORMATIVAS COMO MÉRITO PARA O BAREMO DE MARISQUEO CON VARA

ANTECEDENTES

Con data 08-05-2023 tivo lugar a reunión da comisión de recoñecemento das actividades formativas, coa presenza do subdirector xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais, o xefe de servizo de Xestión dos Recursos Marisqueiros, a xefa de servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras e o xefe de sección de Programación de Ensino Náutico Pesqueiras, co fin de valorar as solicitudes presentadas para o recoñecemento de varias actividades formativas e a súa inclusión nos diferentes catálogos de formación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- O Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira, no seu artigo 1 di que a finalidade deste é regular as ensinanzas náutico-pesqueiras, que son as que cualifican para o exercicio das profesións relacionadas co mundo do mar e a utilización dos seus recursos
- A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, expón no artigo 117 que a consellería competente en materia de pesca realizará as actuacións necesarias para o fomento da formación, a capacitación e a reciclaxe das persoas profesionais dos distintos sectores, así como a daquelas persoas que poidan demandar a devandita prestación formativa
- A Resolución do 22 de outubro de 2013 pola que se aproba o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder a modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión
- O Decreto 210/2022, de 1 de decembro, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, establece que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndenlle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer
- Acta do 08-05-2023 da comisión de recoñecemento das actividades formativas como mérito nos baremos a pé, con vara e de recursos específicos nas modalidades a pé e con embarcación

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Visto o exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias, RESOLVE:

Recoñecer as seguintes actividades formativas que se terán en conta para o baremo de marisqueo con vara e que figuran anexas a esta resolución. Ditas actividades cumpren co recollido no Anexo II da Resolución do 22 de outubro de 2013 pola que se aproba o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder a modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión.

Estas actividades quedarán inscritas no catálogo de actividades formativas que poderá ser consultado na páxina web oficial <https://www.mar.xunta.gal>

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





Anexo I- Actividades formativas que se terán en conta para o baremo de marisqueo con vara

ENTIDADE ORGANIZADORA	ACTIVIDADE FORMATIVA	MODALIDADE	HORAS	PUNTOS
Unión de Cooperativas Galegas ESPAZOCOOP	A cooperativa é para nós?	Presencial	15	0,30
	Emprendemento cooperativo para a mocidade	En rede	20	0,40
	Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas	En rede	20	0,40

